

Un día de treboada

B

Contos da igualdade



María de Mata

Mariana Riestra

[ilustracións]

1ª Edición: Novembro 2006

© 2006 María de Mata

© 2006 BAÍA Edicións

Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.
Parcela G18 - Nave posterior
15190 A Coruña
Tel.: 981 17 42 96
Fax: 981 17 42 96
www.baiaedicions.net

Distribución:
Consortio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com

Baía Edicións agradece a súa colaboración na realización do DVD aos Concellos da Illa de Arousa, Allariz e do Porriño, á Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, e as nenas e nenos que amabelmente participaron na gravación das sesións de contos.

O noso agradecemento ao Servizo Galego de Igualdade pola confianza depositada neste proxecto.


Edita: BAÍA Edicións
Ilustracións: Mariana Riestra Crespo
Impresión: Valladares
Produtora audiovisual: Acción Audiovisuales, S.L.
ISBN: 84-96526-79-8
ISBN 13: 978-84-96526-79-2
Depósito Legal: C 2799-2006

Reservados todos os dereitos. Ningunha parte deste libro pode ser reproducida ou almacenada nun sistema de informática ou transmitida de calquera forma ou por calquera medio xa sexa electrónico, mecánico, fotocopia, gravación ou outros métodos sen previo e expreso permiso das autoras ou da editorial.

**O libro que estás a punto de ler
foi creado exclusivamente para
axudarche a superar o período de
alerta sanitaria decretado polo
gobierno, no marco da nosa campaña
[#euquedolendo#baíaconnósnacasa](#)**

**Desde Baía Edicións pedimos e
agradecemos que se respecte a obra
da autoría, que tan xenerosamente
prestou o seu ben máis prezado
para o teu benestar.**

Esta historia ocorreu nun caloroso día de verán, aló polo mes de agosto, cando os prados están tinguidos de amarelo, a herba seca e a colleita a punto para ser recollida. E sucedeu na miña aldea, na Terra Chá, en Lugo.



Eu, aínda medio adurmiñada, estaba na cociña almorzando e pensando no que me divertira o día anterior.



Fora á festa da casa de Xaquín, un compañeiro de escola que vive na aldea veciña, onde pasamos un día estupendo.



Mamá, como non tiña traballo para fóra, aproveitaba para poñer a punto o seu lustroso tractor. Boa falta lle facía!, pois nos últimos días non tivera tempo do atarefada que andara coa sega.

Como sempre, os paxariños e demais bicharía pequena rebulían polo medio de Tractor... Porque... sabedes?, Tractor é especial, case parece ter vida propia, el e a mamá respectan todos os animais do campo, teñen tino de non taparlles as saídas dos seus agochos e de non espantar os paxaros.

8



Papá, que estaba de vacacións no seu traballo, andaba na horta e, aproveitando o fresco da mañá, recollía cebolas para enrestrar e gardar para o inverno e seleccionaba, de paso, pementos e tomates para facer o xantar.

Outro día máis de verán, ou iso nos parecía...

10



11



De súpeto, cubriuse o ceo e unha gran preocupación apoderouse da aldea:


Se caía a treboada sobre a herba segada e aínda sen coller, estragaríase a maioría da colleita e non habería comida abondo para o inverno. Sería unha catástrofe!



Todos os tractoristas se puxeron a traballar arreo –ben, todos non, mamá xa rematara o traballo nas nosas fincas e non lle encargaran nada, aínda que ela tamén quería axudar–, había que empacar e recoller todo canto antes. Pero ía tanta calor e os seus condutores andaban tan ás tolas que a maioría dos tractores se foron estragando: o de Antón quedou sen aceite e case arde;

ao do Manuel, que era moi bruto e nunca se lembraba de coidalo, rompeulle unha roda e non tiña outra de reposto...

14




15



O Xosé, que sempre andaba a gabarse de ser o tractorista máis rápido da comarca, correu tanto que envorcou o tractor e tivo que deixalo alí porque todo o mundo estaba moi ocupado nas tarefas de recollida e non tiñan tempo para axudalo.


Ante tal desfeita, os tractoristas e algúns veciños, desesperados, decidiron chamar a mamá.

16



17

Mamá e Tractor, que xa estaban preparados, puxéronse a traballar arreo, andaban tan rápidos e compenetrados que daba xenio velos.



Papá, que quedara facendo os labores da casa, mirábaos orgulloso desde o tendedeiro mentres recollía a roupa.

Pasaron toda a mañá facendo pacas e máis pacas e, ao chegar o mediodía, mamá quíxolle dar un descanso a Tractor, pero este, que xa tivera outros donos e coñecía ben a diferenza no trato que recibía de mamá, non quixo parar.

Mentres, a veciñanza, preocupada, andaba a murmurar:

–Esa muller anda tola! –dicían uns–, vai queimar o tractor.

–E a ela vaille dar un vaído con esta calor abafante..., unha muller non pode aguantar tanto!

18



19

Os paxariños, que andaban todos revoltos con iso da treboada e con tanta trasfega, ao ver a mamá e mais a Tractor a piques de caer da calor, organizaron dous grupos de axuda: un formou cos seus corpos unha fermosa antuca enriba deles, toda chea das cores das súas; mentres o outro grupo lles daban aire co bater vigoroso das ás, para refrescalos.



Pasou o mediodía, despois veu a tarde... e mamá e Tractor seguían a traballar, facendo pacas e máis pacas de herba. Iso si, as présas non impedían que quedaran ben xeitosiñas, como sempre facían.

20




21



Como non había tractores dabondo, as demais mulleres mandaron aos seus homes que sacaran os carros para transportar a colleita ás palleiras.

22



Foi unha boa idea, pois ninguén usaba xa os antigos carros, se non era para adornar as eiras con eles cheos de fermosas plantas e bonitas flores, pero hoxe serían de novo de axuda. Non fora ser que rompera a chover e quedara a palla ao aire!

Ao caer da tardiña empezou a tronar e caeu unha saraibada, pero a colleita xa estaba a bo resguardo... agás a dalgún veciño, como a do Xosé, que non aceptara de ningunha maneira a axuda dunha muller... e, por riba, tractorista.

23

Mentres mamá estivera traballando nos campos, papá e mais eu pasamos a tarde a cociñar para toda a aldea e, pola noite, xuntámonos toda a veciñanza no alpendre para cear mentres mirabamos o ceo todo iluminado cos lóstregos. Tractor quedara fóra mollándose, que moita falta lle facía o fresco, o que aproveitaron os paxariños e outros animalaiños para gorecérense dentro del.

24



Veciños e veciñas concordaron en que o papá era un excelente cociñeiro e algunhas mulleres mesmo lle dicían a mamá: Que sorte tes, que disposto é, preparou toda esta festa nun abrir e pechar de ollos!

25



Desde daquela, a mamá colleu moita sonda de boa tractorista na comarca, e máis cando houbo que tirar da herba seca para alimentar os animais e, ante a sorpresa de toda a aldea... as vacas deron o mellor leite que se recordaba de sempre!


26

27



Chegou a primavera e, cousa rara, as pacas de herba que quedaban estaban todas aínda en bo estado e nelas naceron unha morea de paxaros que, no canto de estragar as colleitas e amolar os espantallos, só comían dos restos que caían, axudando así a limpar o chan.

28



Por certo, miña nai chámase Carme, papá Xavier, de profesión auxiliar de xeriatria, e eu son Aldara e de maior quero ser tractorista, como a mamá!

29



Contesta as preguntas:

1. Onde vive Aldara? Localiza a zona nun mapa.
2. Investiga: de que cres que vive a maioría das xentes na aldea? Que tarefas pensas que teñen que facer? Consulta aos teus maiores e elabora unha listaxe.
3. Da lista de tarefas da cuestión anterior, cales cres que fan os homes e cales as mulleres? Ten que ser sempre así ou pode ser doutra forma?
4. A que se dedica a nai de Aldara? Cres que lle encargaban moito traballo para fóra? Por que? Paréceche xusto?
5. Coñeces algunha muller tractorista? E algún home?
6. E o pai de Aldara, a que se dedica? Que tarefas pensas que fai ao longo do día na casa?

7. Elaboro unha listaxe de tarefas que hai que facer nunha casa, como coidar algunha persoa maior ou enferma, facer as camas, limpar o po, fregar os platos etc., indicando quen as fai (pai, nai, irmán, outra persoa etc).
8. Teus pais, traballan os dous fóra da casa? A que se dedican? Quen cres que ten máis tempo libre? Por que? Quen dos dous traballa máis na casa? As tarefas da casa son cousas de mulleres?
9. Elaboro unha lista de profesións o máis ampla que se che ocorra. Indica cun (M) cales poderían facer as mulleres, cun (H) cales os homes e cun (MH) cales homes e mulleres.
10. Que che gustaría ser de maior? Fai un debuxo no que te vexas facendo o traballo que che gusta.

